

QUEDA CO
TALENTO.

“EN DIXARDÍN
XERAMOS
VALOR
ECONÓMICO,
MEDIOAMBIENTAL
E SOCIAL.”

Carlos Iglesias
Xerente de Dixardín

POLA INCLUSIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

QUE CHE APORTOU GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL Á HORA DE TRABALLAR?

Profesionalmente ilusionoume o proxecto. Nunca antes traballara con persoas con discapacidade e sorprendéronme moito os seus valores e como os aplican no seu día a día. Persoalmente é moi gratificante xerar oportunidades laborais para persoas que, en moitos casos, non dispoñen delas. O traballo é a mellor ferramenta ou mecanismo para favorecer a autonomía e liberdade en todos os aspectos da vida dunha persoa.

QUE VALOR TEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA TÚA EMPRESA?

A adaptación, flexibilidade, capacidade de esforzo e superación que achegan as persoas con discapacidade á nosa empresa, conforman os valores principais da mesma. A actividade que desenvolvemos, ademais de xerar valor ambiental e sostible, crea valor social ao incorporar persoas con discapacidade no seu cadro de persoal.

COMO INFLÚE ESTA CONTRATACIÓN NOS EQUIPOS DE TRABALLO?

Tendo en conta as capacidades de cada persoa, planifícanse tarefas para poder desenvolver os proxectos de maneira profesional e de forma sostible desde un punto de vista ambiental.

QUE DESTACARÍAS DAS PERSOAS TRABALLADORAS QUE TEÑEN ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE?

Eu resaltaría a súa lealdade cara á organización. As persoas con discapacidade, cando se lles dá a oportunidade, aprotéitana ao máximo e implícanse intensamente no desenvolvemento da súa empresa.

QUE LLES DIRÍAS AS PERSOAS ENCARGADAS DE CONTRATACIÓN NAS EMPRESAS PARA QUE SE ANIMEN A CONTRATAR PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

Cando comecei a traballar en Dixardín, os prexuízos por parte das empresas eran moi superiores aos que hai hoxe en día. Todas as persoas temos puntos fortes e débiles no desempeño de calquera actividade, pero a implicación e o empeño propios das persoas con discapacidade son aspectos a ter moi en conta á hora de contratar novos perfís profesionais.

A TRAVÉS DE QUE CANLES BUSCA O TALENTO A EMPRESA QUE DIRIXES?

Hai varias vías... a principal é a través do Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI (SIL) que funciona como un servizo de emprego para persoas con discapacidade. Tamén hai persoas que fan algún curso de formación directamente relacionado coa nosa actividade (FP Agrícola, Xardinería, Forestal...) e ao rematar realizan prácticas na nosa empresa. En moitos casos, pasan a formar parte do noso equipo. Outra das canles que nos proporciona capital humano é o “boca a boca”, xa que moitas persoas que comezan a traballar con nós fano a través de compañeiras/os que xa están na organización.